



BANDO CACHARELAS E SARDIÑADAS DE SAN XOÁN 2024

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, mediante o presente Bando INFORMA á veciñanza de Cee das normas que se deberán cumprir para a realización de cacharelas na noite de San Xoán (noite do 23 ao 24 de xuño de 2024).

Estas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do día 23 ou calquera outro día posterior deste mes.

NORMAS BÁSICAS

1.- Para a celebración das cacharelas/sardiñadas as persoas, organizacións e comunidades deberán presentar a solicitude correspondente.

No caso de cacharelas ou sardiñadas solicitadas para espazos públicos deberán achegar xunto coa solicitude un mapa do lugar exacto onde celebrarán a fogueira.

2.- As solicitudes deberán ser presentadas ata o día 14 de xuño do 2024.

Por algunha das seguintes vías:

- PREFERENTEMENTE: Rexistro telemático, a través da sede electrónica do Concello de Cee. <https://sede.cee.gal>.

- Rexistro Xeral do Concello de Cee, luns a venres, de 09:00 á 13:30 horas.

3.- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os seguintes números de teléfono para comunicar incidencias, de ser o caso:

POLICÍA LOCAL: 610 56 41 68

EMERXENCIAS: 112

4. Zona urbana: O volume de combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro ou 6 metros de perímetro, nin os 2 de altura.

Zona rural: O volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 metros de perímetro, nin os 3 metros de altura.

5.- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano.

Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables, nin vehículos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.

6.- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites e, en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

7.- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

8.- No suposto de que a cacharela/sardiñada se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.

9.- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos con auga e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, e poida dificultarse a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse.

10.- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

11.- A hora límite para rematar a celebración será de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e conforme co horario establecido pola Xunta de Galicia na Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Haberán de cumprirse ademais, as normativas sectoriais de ruído, lumes, horarios, etc.

12.- É obrigatorio cumprir o establecido na Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

13.- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

O cumprimento das normas respecto ás cacharelas será comprobado pola Policía Local e/ou corpos e forzas de seguridade. Esta Alcaldía agradece a colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento da festa de San Xoán.

Cee, na data da súa sinatura dixital.

A alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán